

ACTA NÚMERO: 09/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 4 de abril de 2024 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: D. José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Espublico Servicios para la Administración, S.A. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2024002812).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola Federación Gallega de Balonmano (GG36690832) para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo dos "Partidos das Seleccións españolas masculina e feminina de Balonmán". (Expte.- 2024011399).*
3. *Dar conta do resultado da poxa celebrada para o alleamento, mediante poxa pública á llana, de gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024003675).*
4. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de illas ecolóxicas do proxecto "Da túa man" (RURAL) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023075150).*
5. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A", correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).*
7. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF". (Expte.- 2023006141).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF". (Expte.- 2023006141).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "+ Xuntas 2024". (Expte.- 2023072103).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "+ Xuntas 2024". (Expte.- 2023072103).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino*



Condado-Paradanta Unha terra entre ríos no ámbito do Plan de Sostenibilidade Turística en destino do PRTR financiado pola UE NextGeneration EU. (Expte.- 2023072624).

12. *Apertura electrónica do sobre "B", correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta Unha terra entre ríos no ámbito do Plan de Sostenibilidade Turística en destino do PRTR financiado pola UE NextGeneration EU. (Expte.- 2023072624).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

- 1. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Espublico Servicios para la Administración, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2024002812).***

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dun servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra, cun valor máximo de 2.071.448,04 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (A50878842), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 08/03/2024.

A empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (A50878842), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	1.698.776,70 €
IVE (21 %)	356.743,11 €
Importe ofertado con IVE	2.055.519,81 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (A50878842), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación dun servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

2. Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmano (GG36690832) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo dos "Partidos das Seleccións españolas masculina e feminina de Balonmán". (Expte.- 2024011399).

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo dos partidos da selección masculina e feminina de Balonmán, cun valor máximo estimado de 179.080,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Federación Galega de Balonmán (G36690832), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 18/03/2024.

A Federación Galega de Balonmán (G36690832), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	148.000,00 €
IVE (21 %)	31.080,00 €
Importe ofertado con IVE	179.080,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán (G36690832), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo dos partidos da selección masculina e feminina de Balonmán.

3. Dar conta do resultado da poxa celebrada para o alleamento, mediante poxa pública á llana, de gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024003675).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na que, mediante Resolución Presidencial número 2024001380, do día 20 de febreiro de 2024,



aprobouse o expediente para o *Alleamento, mediante poxa pública á llana, de gando vacún da Finca Mouriscade*, establecendo un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes de participación.

O anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 39 de data 23 de febreiro de 2024, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de febreiro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación, publicouse a data de celebración da poxa no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, quedando os licitadores convocados para o día 2 de abril de 2024, ás 11 horas, na Finca Mouriscade.

Con data 2 de abril de 2024 reúnese o equipo técnico responsable para a celebración da poxa e, como se reflicte na correspondente acta de 3 de abril de 2024 (CSV: OO84P702N03TQY7T), a Secretaria do equipo técnico informa que a licitación dos lotes realizarase baixo a modalidade de “poxa á llana”, convidando os licitadores a manifestar as súas posturas; a primeira das cales deberá cubrir, como mínimo, o prezo de saída do lote. O incremento das ofertas polos lotes que realicen os licitadores deberá facerse de viva voz, alzando o cartel co seu número de identificación. As poxas, en todos os lotes, serán incrementadas en tramos de cincuenta euros (50 euros).

Por motivos sanitarios, retiráronse os lotes 1, 2, 5, 6, 10, 11, 18, 19 e 20.

Os licitadores admitidos resultan os seguintes:

Gandería	DNI/CIF	Núm. identificativo
ANA MARIA VALLADARES VILAR	76815534L	2
CARBALLEIRAS SAT 1245 XUGA	V36452175	3
CASA FARRUQUIÑO SOCIEDAD LIMITADA	B36511046	5
CASA PIÑEIRO SC	J27476704	6
GANADERIA MIDON, S.C.	J36509818	7
GANADERIA PEREZ SC	J94028099	9
GANADERIA QUINTEIRO SC	J94201647	10
GANADERIA SABUGUEIRO SC	J94170669	11
GANDEIRIA FONTECABALOS SC	J36519429	12
GANDEIRIA RIELO SC	J36564086	13
GANDERIA IGLESIAS-FERRADAS SC	J36553519	14



JAVIER MEIJOME LOPEZ	44092595P	16
JOSE OJEA REBOREDO	77403843B	18
MARCOS MARIÑO GARCIA	77407898H	19
OSCAR NEIRA DOCAMPO	76928262R	20
PENA-GUISANDE, SC	J27335983	21
SAN RIAN S.COOP.GALEGA	F70204995	22

Os licitadores excluídos resultan os seguintes:

Gandería	DNI/CIF	Motivo
ALBERTO RIELO FERNANDEZ	44092484N	Non asiste
CASA DO REI SC	J94037801	Non asiste
GANADERIA O RUBIO SC	J15843477	Non asiste
GANDERIA SIMVAL SC	J94096492	Non asiste
JESUS DIEGUEZ CUÑARRO	52482611S	Non asiste

Tense por non presentado a SAN JUAN DE CAMBA, SL (CIF: B36558310), por facelo fora de prazo.

A continuación, a Presidenta do Equipo Técnico declara aberta a licitación e comeza a poxa, co primeiro lote, co seguinte resultado:

LOTE	Vaca	Crotal	Prezo de saída (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de saída (co IVE)	Prezo de remate (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de remate (co IVE)	Adjudicatario provisional
1	6182	ES021112246182	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓN SANITARIAS
2	6184	ES041112246184	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓN SANITARIAS
3	6189	ES091112246189	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.150,00 €	215,00 €	2.365,00 €	PENA-GUISANDE, SC (CIF:J27335983)
4	6196	ES051112246196	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.350,00 €	235,00 €	2.585,00 €	GANDEIRIA FONTECABALOS SC (CIF: J36519429)
5	6201	ES071112246201	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓN SANITARIAS
6	6202	ES081112246202	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓN SANITARIAS



7	6413	ES041112846413	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.700,00 €	270,00 €	2.970,00 €	CASA PIÑEIRO SC (CIF: J27476704)
8	6420	ES001112846420	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.450,00 €	245,00 €	2.695,00 €	PENA-GUISANDE, SC (CIF:J27335983)
9	6422	ES021112846422	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.400,00 €	240,00 €	2.640,00 €	GANDEIRIA FONTECABALOS SC (CIF: J36519429)
10	6425	ES051112846425	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓNS SANITARIAS
11	6434	ES031112846434	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓNS SANITARIAS
12	6435	ES041112846435	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.500,00 €	250,00 €	2.750,00 €	PENA-GUISANDE, SC (CIF:J27335983)
13	6438	ES071112846438	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	GANDEIRIA FONTECABALOS SC (CIF: J36519429)
14	6439	ES081112846439	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.600,00 €	260,00 €	2.860,00 €	PENA-GUISANDE, SC (CIF:J27335983)
15	6440	ES081112846440	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	1.850,00 €	185,00 €	2.035,00 €	GANDEIRIA RIELO SC (CIF: J36564086)
16	6441	ES091112846441	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.500,00 €	250,00 €	2.750,00 €	GANDEIRIA FONTECABALOS SC (CIF: J36519429)
17	6442	ES001112846442	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.550,00 €	255,00 €	2.805,00 €	CASA FARRUQUIÑO SL (CIF: B36511046)
18	6443	ES011112846443	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓNS SANITARIAS
19	6447	ES051112846447	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓNS SANITARIAS
20	1571	ES001113311571	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €		0,00 €	0,00 €	RETIRADA POR RAZÓNS SANITARIAS
TOTAL						25.800,00 €	2.580,00 €	28.380,00 €	

A Mesa de Contratación queda enterada das ofertas presentadas ao referido procedemento.

4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (RURAL) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023075150).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 30/01/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/01/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 22 de febreiro de 2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- ALQUI ENVAS S.L. (CIF:B255335332)
- BAYGAR S.L. (CIF:B12019659)
- COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF:B15467962)

A Mesa de Contratación, na mesma sesión do día 22 de febreiro de 2024, tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, correspondente á documentación avaliabile mediante xuízos de valor das empresas admitidas e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo do Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O xefe do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento local, con data 13/03/2024, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polas empresas admitidas (CSV: OP6PJFATVH9ICJ4P), co seguinte resultado:

Empresas Licitadoras	1. Concreción e calidade técnicas dos contedores, ata 15 puntos	2. Concreción e calidade técnica dos paneis informativos, ata 5 puntos	3. Aspectos ambientais dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata 4 puntos	4. Concreción e calidade técnica das xardineiras, ata 3 puntos	5. Imaxe e estética global dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata 3 puntos	Total (ata 30 puntos)
ALQUIENVAS, SL	6,00	3,00	0,00	1,50	0,00	10,50
BAYGAR, SL	8,00	2,00	2,75	1,50	0,00	14,25
COREGAL, SL	9,50	2,00	1,00	1,50	2,50	16,50



A Mesa de contratación na reunión do día 21 de marzo de 2024 acordou prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas e propor ao órgano de contratación a exclusión das empresas ALQUI-ENVAS S.L. e BAYGAR, S.L. xa que presentaron unha proposta incompleta, sen dar resposta a tódolos requisitos obrigatorios que se esixen no prego de prescricións técnicas, polo que non acadaron o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.

A Mesa de Contratación na reunión do 21 de marzo de 2024 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (30,00 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas; sendo os valores ofertados os seguintes:

COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	90.668,96 €
IVE (21 %):	19.040,48 €
Importe total ofertado:	109.709,44 €

2. Número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 0 Meses

Procédese a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, acadando a seguinte puntuación:

Criterios de valoración avaliábeis mediante fórmulas	COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962)
Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 50 puntos	39,729
Ampliación do prazo de garantía, en meses, ata un máximo de 20 puntos	0,000
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C	39,729

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (NAY4USUK6D02G0GJ) son as seguintes:

- COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962)

TOTAL PUNTUACION SOBRE B (Ata un máx. de 30 puntos)	16,500
TOTAL PUNTUACION SOBRE C (Ata un máx. de 70 puntos)	39,729



TOTAL SOBRES B+C	56,229
------------------	--------

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas no procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de illas ecolóxicas do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 30 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 70 puntos)	Puntuación total
1ª	COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962)	16,500	39,729	56,229

- 2) Propor ao órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do "Subministración de illas ecolóxicas do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU" á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962) que acada a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adjudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos seguintes valores ofertados:
- 3) Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	90.668,96 €
IVE (21 %):	19.040,48 €
Importe total ofertado:	109.709,44 €

Número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 0 Meses

- 5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A", correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na sesión celebrada o día 11/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERA SL
- CONSTRUCCIONES ABAL SA
- COVISAM NORTE, S.L.
- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L.
- SERVEO SERVICIOS, S.A.U.

Os Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, asinan o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	12,00	1,00	13,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	18,00	1,00	19,00
COVISAM NORTE, S.L.	12,00	2,00	14,00
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	12,00	1,00	13,00
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	12,00	1,00	13,00

A Mesa de Contratación en base ó informe asinado polos Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra".



6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra", e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	13,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	19,00
COVISAM NORTE, S.L.	14,00
DESEÑO ENXEÑARIA E XEXTIÓN DE OBRAS, S.L.	13,00
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	13,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	192.520,10 €	3%	36 MESES	SI	NO
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	227.777,77 €	3%	36 MESES	SI	SI



COVISAM NORTE, S.L.	209.980,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	214.969,50 €	3%	36 MESES	NON OBXECTO	NO
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	222.341,34 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF". (Expte.- 2023006141).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na sesión celebrada o día 22/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CIVIS GLOBAL, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO S.L.U.
- CONSTRUCCIONES ABAL S.A.
- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
- CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



Os Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, asinan o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	20,00	1,00	21,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	14,00	1,00	15,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	8,00	2,00	10,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	22,00	1,00	23,00
CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L.	8,00	2,00	10,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe asinado polos Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF"*.
 2. Que non se proceda a apertura dos sobres "B", das empresas, Construcciones Castro, S.L.U., e Cubiertas y Pinturas Hergar, S.L., por non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexe neste procedemento aberto simplificado.
- 8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF". (Expte.- 2023006141).**



O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	21,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	15,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	10,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	23,00
CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L.	10,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CIVIS GLOBAL, S.L.	749.835,06 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	731.555,21 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	748.649,86 €	3%	36 MESES	SI	SI



PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	725.024,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	<i>Non se efectuou a apertura do sobre "B" debido a que non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.</i>				
CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L.	<i>Non se efectuou a apertura do sobre "B" debido a que non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.</i>				

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CIVIS GLOBAL, S.L.	16,00	5,00	5,00	5,00	31,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	23,25	5,00	5,00	5,00	38,25
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	16,47	5,00	5,00	5,00	31,47
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	25,83	5,00	5,00	5,00	40,83

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a exclusión das ofertas presentadas polas empresas, Construcciones Castro, S.L.U., e Cubiertas y Pinturas Hergar, S.L., por non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexe neste procedemento aberto simplificado.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF " que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	40,83	58,83
2ª	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	23,00	31,47	54,47
3ª	CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	15,00	38,25	53,25
4ª	CIVIS GLOBAL, S.L.	21,00	31,00	52,00

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*” á empresa, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (CIF A70319678), por un importe de 877.280,15 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado725.024,92 €
 IVE (21%)152.255,23 €
 Importe Total 877.280,15 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4171) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 36.251,25 €.



9. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “+ Xuntas 2024”. (Expte.- 2023072103).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + XUNTAS 2024.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)

10. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “+ Xuntas 2024”. (Expte.- 2023072103).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + XUNTAS 2024.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 04/04/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada pola única empresa presentada e admitida ao procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

O valores ofertados foron os seguintes:

UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)

1.- Prezo unitario ofertado por obradoiro :

Importe sen o IVE (por obradoiro): 1.291,15 €

IVE (21. %): 271,14 €

Importe total ofertado (por obradoiro): 1.562,29 €

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en Igualdade (Máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº de persoas con formación en Igualdade ofertadas: 2 persoas .

3.- Compromiso de aportar un/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade:

SI Non



4.- Aportación dun servizo de traducción simultánea en linguas estranxeiras (inglés, francés, portugués e árabe) co fin de facilitar o acceso e integración a mulleres inmigrantes.

SI Non

5.- Aportación de máis medios audiovisuais dos esixidos no catálogo nas accións formativas incluídas no bloque + Tecnoloxía : pantalla, proxector, altofalante e PC para a persoa docente.

SI Non

6.—Entrega de memoria fotográfica en soporte USB a cada entidade participante que conteña un mínimo de 25 fotografías e dous vídeos, ata un máximo de 5 puntos.

SI Non

11. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta Unha terra entre ríos no ámbito do Plan de Sostenibilidade Turística en destino do PRTR financiado pola UE NextGeneration EU. (Expte.- 2023072624).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ao devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988)
- Estrategia y organización SA (CIF A-36.196.418)
- Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)
- Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141)
- Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)
- Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340)

12. Apertura electrónica do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta Unha terra entre ríos no ámbito do Plan de Sostenibilidade Turística en destino do PRTR financiado pola UE NextGeneration EU. (Expte.- 2023072624).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

